



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE SETEMBRO DE 2011

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1231/2011.- VILLAJERE, SL. Legalización das obras realizadas no edificio que está en execución na rúa de Santa Marta de Arriba, 24 e 26.

LIC/792/2009.- CINESA-COMPAÑÍA DE INICIATIVAS Y ESPECTÁCULOS,SA. Prórroga para o comezo da obra de acondicionamento das salas de cine, no Centro Comercial das Cancelas.

LIC/1262/2010 e LAP/ 313/2010.- LOPEZ PLATAS, SC. Licenza de obras de ampliación e apertura dunha explotación de gando vacún no lugar de Paradelas de Arriba-Nemenzo, 4 en Santiago.

LIC/2447/2010.- JESUS MARIA BLANCO PREGO.- Subsanación de erros detectados no acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de xuño de 2011 polo que se concede licenza de parcelación urbanística da parcela sita no lugar de Ponte, 13 en Santa María de Grixoa.

PARCELACIÓNS

LIC/1027/2011.- JOSE MIRAS BOQUETE. Licenza de parcelación urbanística da parcela 156 do Plano xeral de Concentración parcelaria de Barciela. (+)

LIC/301/2011.- LOURDES SALVADO BALUJA. Licenza de parcelación urbanística da parcela 1321 do Plano xeral de Concentración parcelaria de San Martiño de Aríns. (+)

DENEGADAS

LIC/270/2007.- PREDIOS GALLEGOS, SL. Construción na parcela R-3 do polígono 4 do Plan parcial de Fontiñas, dun edificio de tres sotos para garaxe, planta baixa comercial, planta primeira de oficinas, catro plantas para 19 vivendas e baixo cuberta.

SOLICITUDE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

LIC/1857/2004.- VECTOR PLUS, SL. Non admitir a trámite a solicitude de responsabilidade patrimonial.

DEVOLUCIONS DE FIANZA

LIC/1494/2011.- MARCOS NOYA REY. Devolución de fianza en garantía das obras de conexión ás redes de servizos de auga e sumidoiro por importe de 2.221,33 €

OCiHR

LICENZAS DE OBRA.-

LIC/2206/2010.- D. JOSÉ LUIS TOUCEDA BARREIRO.- Construción de vivenda acaroadada e garaxe anexo no rueiro de Figueiriñas.

4.- Proposta do presidente do organismo autónomo Auditorio de Galicia relativa ao nomeamento de director-xerente do devandito organismo.

Acórdase o nomeamento de Xosé Víctor Carou Fernández como director-xerente.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso dos campos de fútbol e pavillóns municipais.

Concédesse á delegación local da Federación Galega de Fútbol o uso prioritario de diversas instalacións deportivas municipais (campos de fútbol e pavillóns) para as súas actividades futbolísticas da temporada 2011-2012.

6.- Proposta da concelleira delegada de Obras relativa á adxudicación das obras de reforzo do firme na vía pública de Barciela incluídas na segunda fase do POS ADICIONAL 1/2010 da Deputación Provincial da Coruña.

Adxudícanse as devanditas obras á empresa CONSTRUCCIONES RAMÓN VAZQUEZ Y REINO, S.L., por un importe de 113.280 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á substitución de experto docente do curso de "Xestión integrada de recursos humanos" (AFD/2011).

Acórdase a devandita substitución.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva de axudas para vivendas da área integral do Casco Histórico, incluídas na fase 10ª do convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago, con cargo á anualidade 2011.

Apróbanse definitivamente as axudas para 10 inmobles, por un total de 66.719,68 euros, dos que 30.324,09 euros (45,45%) son achegados polo Ministerio de Fomento e 36.395,59 euros (54,55%) pola Xunta de Galicia.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial de axudas para vivendas da área de rehabilitación integral de Vista Alegre , incluídas na fase 4ª do convenio entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Santiago, con cargo á anualidade 2011.

Apróbanse inicialmente as axudas para 10 inmobles das rúas Santa Uxía de Ribeira e Boiro, por un total de 93.696 euros, achegados ao 50% polo Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia.

10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial de axudas para vivendas da área de rehabilitación integral de Vista Alegre , incluídas na fase 3ª do convenio entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Santiago, con cargo á anualidade 2011.

Apróbanse inicialmente as axudas para 11 inmobles das rúas Santa Uxía de Ribeira e Boiro, por un total de 101.568 euros, dos que 54.169,60 euros (53,33%) son achegados polo Ministerio de Fomento e 47.398,40 euros (46,67%) pola Xunta de Galicia.

11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle da unidade de execución número 13 (U-13) do PE-1. Apertura da rúa de Belvis.

Apróbase inicialmente o devandito estudo de detalle. O proxecto someterase a información pública durante 20 días.

12.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego para dar conta da concesión dunha subvención pola Consellería de Traballo para o programa de "Axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes" dentro do Plan Concertado.

Dáse conta da concesión da devandita subvención, por un importe de 217.251,13 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Mercados e Turismo relativa á concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de promoción e dinamización comercial para o ano 2011.

Concédense as seguintes axudas:

- Fundación Santiago Centro, Área Comercial: subvención de 14.775,82 euros (75% do custo máximo subvencionable, 28.800 euros).
- Agrupación de Comerciantes de Santiago: subvención de 11.508,95 euros (59,85% do custo máximo subvencionable, 26.028,55 euros).
- Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental: subvención de 14.775,82 euros (58,37% do custo máximo subvencionable, 83.495 euros).
- Asociación Em-Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca: subvención de 3.691,90 euros (47,84% do custo máximo subvencionable, 10.445,69 euros).

14.- Proposta do concelleiro delegado de Participación Cidadá relativa á concesión de subvencións ás asociacións veciñais para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial para o mantemento de equipamentos para o exercicio 2011.

Apróbase o reparto das devanditas axudas, por un importe total de 55.237,50 euros, entre 47 asociacións veciñais.

15.- Convenio de colaboración en materia de formación coa Academia Galega de Seguridade Pública.

Apróbase o devandito convenio para a formación do corpo de Bombeiros,

16.- Proposta da concelleira delegada do Matadoiro relativa á prórroga do contrato de explotación do matadoiro municipal de Santiago.

Acórdase a prórroga do devandito contrato, asinado coa mercantil COMPOSTELA DE CARNES, S.L., por un período de 8 meses a contar dende o 20 de novembro de 2011 e ata o 20 de xullo de 2012.

17.- Proposta da concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior relativa á modificación da composición dos/as representantes do Goberno Municipal nomeados como membros do Comité de Seguridade e Saúde Laboral do Concello.

Procédese á modificación da representación municipal no devandito Comité, integrado agora polos concelleiros Amelia González, Albino Vázquez, Paula Prado, Cecilia Sierra, María Pardo e Juan de la Fuente.